

## ANUNCIO

Asunto: PRIMEIRA ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (GRUPO: A; SUBGRUPO: A1; ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: TÉCNICA) DO CONCELLO DE FENE

Faise público que en data 26.03.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 359/2024 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

**PRIMEIRO.**- Determinar, ao abeiro da base 9.4, o pase ao último lugar na lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de técnico de administración xeral aprobada por R.A. 1216/2023 do 20.11.2023 de Nicolás Arenas Martínez por renunciar a un posto de traballo unha vez producida a toma de posesión e, en consecuencia, actualizar a orde de prelación das persoas integrantes da citada listaxe como segue:

Núm. orde	Nome e apelidos	Puntuación total
1.	Iria Ponte Reiriz	11.03
2.	Alejandra Zapata Maceiras	10.49
3.	Alberto Ruiz Valencia	8.96
4.	Isabel Dobarro Lamas	8.66
5.	Ana María Calvo Seoane	8.41
6.	Roberto Barral González	7.99
7.	Serena Alfonso	7.73
8.	María Rodríguez Vaamonde	7.06
9.	Mireia Fernández Núñez	6.91
10.	Leticia Sánchez Ousinde	6.91
11.	Borja Montero Castiñeira	6.59
12.	María Loreto Celada Penedo	6.49
13.	Diego García Beceiro	5.76
14.	Nicolás Arenas Martínez	9.83

**SEGUNDO.**- Notificar esta resolución a Nicolás Arenas Martínez indicándolle que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso e reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativo podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

**TERCEIRO.**- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.